



Mujer, Biblia y sociedad. Libro homenaje a Mercedes Navarro Puerto

Guadalupe Seijas de los Ríos-Zarzosa, Nuria Calduch-Benages (Ed.)
Ed. Verbo Divino, 2021

Mercedes Navarro na vida dunha muller de barro, con alento.

Con estas liñas, como muller agradecida a Mercedes Navarro, súmome á merecida homenaxe que se lle está brindando a unha teóloga que fixo do tema Muller, Biblia e Sociedade, un triángulo equilátero que nos permitiu ás mulleres crentes da miña xeración crer e crecer en sabedoría.

Carezo de paciencia histórica. Por máis que mirando atrás vexo o avance das mulleres, da sociedade e dos estudos bíblicos, agora, no momento de «todo a golpe de *click*», paréceme que non avanzamos nada, ou moi pouco, ou moi lento. 70 anos non son nada? Teñen que selo. E vou lerre a min mesma para comprobar que Mercedes Navarro, co seu carácter «con-

tumaz» ([persoa] que se mantén firme no seu comportamento, actitude, ideas ou intencións, a pesar de castigos, advertencias ou consellos), proporcionoume, a min e aos grupos de Mulleres e Teoloxía, a posibilidade de ser máis muller, de coñecer mellor a Biblia e, en consecuencia, de estar máis presente criticamente na igrexa e na sociedade.

Sen os escritos de Mercedes, sen a súa forma de explicar os textos bíblicos, de facelos liberadores, as mulleres que hoxe imos ler estas liñas, non estaríamos cheas de palabras e de argumentos para defender, desde unha postura feminista, que igrexa e que mundo queremos.

Á vez, teño que dicir criticamente, que cos dedos dunha man sóbrame para contar os homes que coñecen o seu nome

e a súa obra. Nunha ocasión, escoitei nun foro cristián, en boca dun moi lido, que non se estaba escribindo nada interesante no noso país de teoloxía feminista. Para que polemizar, se cos dedos dunha man sobrales a eles para dicir o nome dalgunha teóloga española.

Ignorantes dos seus nomes, ignorantes das súas obras. Dubido moito de que nas actuais Facultades de Teoloxía se estean a ler os seus libros e esta é unha crítica feroz aos espazos universitarios e ao seu profesorado, e á vez a todos os homes crentes que non se achegaron endexamais ao pensamento dunha teóloga feminista española. Dubido que os seus libros estean nos andeis das bibliotecas de teoloxía, e dubido que estean na bibliografía de obrigada lectura. Eles o perden!

A nós, ás mulleres educadas nas ideas do Concilio, Mercedes deunos as ferramentas cos seus libros, para sentirnos crentes con dereito na igrexa na que nos moviamos. Podíamos explicar e podemos, por que seguimos empuxando nunha igrexa que nin nos deixa espazos, nin nos dá voz (e menos, voto). Se

o camiño sinodal iniciado polo Papa Francisco dá algún froito, será en parte porque teólogas como Mercedes dedicaron a súa vida para quitar as capas que século tras século os homes coa súa «tradición» puxeron á mensaxe de Xesús e aos textos bíblicos. Capas interesadas, capas que custa quitar e que son un lastre para que avance a utopía do Reino.

No libro homenaxe a Mercedes, atopamos 16 colaboracións maioritariamente de mulleres. Muller, Biblia e Sociedade volven a triangularse para ofrecernos unha riqueza tal, que Mercedes queda retratada no que suscitou para cada persoa. En Dolores Aleixandre, un relato de ficción da muller de Xosé de Arimatea, en M.^a Isabel Alfaro, a vida da raíña Njinga, en Carmen Bernabé, o silenciamento das mulleres no cristianismo primitivo, en M.^a Ángeles López a maternidade subrogada, en Xavier Picaza unha reflexión sobre o *Benedictus* e o *Magnificat*... E en min, suscitou como definirme.

A lectura do seu libro *Barro y aliento* supúxome un antes e un despois. Durísimo de

ler na súa primeira parte, a segunda proporcionoume tal entusiasmo que quedei explicada para sempre por esas dúas palabras: barro e alento. Así é como me sinto: material pobre modelable, activa na sociedade grazas ao alento que tamén me chega das páxinas dun libro onde Xesús de Nazaret fálame do seu *abba*. E ese alento pú-

deno recibir grazas, en parte, a escoitar e ler a Mercedes Navarro Puerto.

Porque o traballo incansable de Mercedes é como unha semente que xa dá froitos e froitos en abundancia.

Mabel Ruiz Ruiz
Mulleres e Teoloxía de Zaragoza
Traduciu Anxos Canive Brión